

14 XUÑ. 2017

Entrada n.º: 2732

Saída n.º:

M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción relativa a elaboración dun plan de mantemento e posta en valor das praias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa vila está situada nun enclave privilexiado da ría de Arousa, con fermosas praias que serven na época estival como soporte para o ocio dos nosos veciños e para as numerosas persoas que nos visitan. Correspóndenos a todos manter as nosas praias e o conxunto da nosa vila en perfectas condicións e non atoparnos con bancos en mal estado, oxidados, sen pintar e/ou con madeiras rotas, que non convidan a sentar neles para gozar do noso ocio e dos paisaxes. Tamén podemos atopar múltiples farois que non aluman e/ou coas tulipas rotas, algunhas cheas de oxido.

No rural tamén nos atopamos con estas mesmas deficiencias, incluídas algunhas marquesiñas, ademais os camiños están cheos de malas herbas, silvas e demais vexetación. É obriga do Concello a limpeza das vías públicas como consecuencia do uso común dos cidadáns.

Os bancos dos xardíns de Valle Inclán levan dous anos sen pintarse , e a algúns lles faltan madeiras nos asentos. Nas mesmas circunstancias están os bancos do paseo de Os Areos e as varandas da ponte de Santo Antonio. Os bancos dos Areos situados fronte a Boomerang teñen óxido acumulado e non convida a que ninguén sente neles. Na zona do paseo cara ao instituto os bancos están en estado ruinoso, cando non desapareceron, e a varanda de protección en moitos lugares é un auténtico perigo.

Na zona de Cabío, (a xoia do turismo da Pobra), e na praia da Illa, atopámonos cas pasarelas de madeira sen puntas, rotas, que case fan recomendable a prohibición de pasar por elas.

Despois da pasarela de madeira, na Praia da Illa, hai un espazo grande, que

se podería aproveitar para poñer en valor mediante a eliminación de silvas e toxos, sementando herba ou céspede e a instalación dalgunhas mesas, na actualidade está totalmente abandonado, a monte.

Nunha anterior moción propuxemos a creación dun carril bici e/ou senda peonil cara a estas praias e hoxe volvemos insistir niso. É necesario avanzar cara un modelo de poboación que facilite este tipo de mobilidade.


As nosas praias e paseos, os nosos miradoiros e paisaxes son o noso maior potencial fronte ao turismo. A única ferramenta que existe para isto é o mantemento, un mantemento efectivo e programado.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS

- A planificación dunha actuación para a posta en valor da Praia da Illa, creando unha zona verde e un merendeiro na mesma.
- A posta en marcha dun plan de mantemento do mobiliario urbano.
- A planificación dun carril bici e/ou senda peonil a Cabío.
- A reposición, pintado e reparación da varanda e dos bancos danados do paseo ao Instituto e dos Areos.
- A reparación das pasarelas de Cabío e a Illa e do miradoiro circular.
- Garantir que o servizo de limpeza viaria chegue a todos os veciños.

A Pobra do Caramiñal, 11 de xuño de 2017.



Mª Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL